

## **ROGO DE AER SOBRE EQUIPAMENTO E FORMACIÓN DA POLICÍA LOCAL PAA O CONTROL DE RUÍDOS**

PLENO 29 OUTUBRO 2015. ACTA 19/2015

Falar de ruído en Redondela non é tan só falar de locais que teñen a música alta ou veciños que molestan a outros. Por desgraza, falar de ruído neste concello é falar das obras que mantén o Ministerio de Fomento, neste municipio asoballado de infraestruturas. Sábeo ben a veciñanza do Val do Maceiras e Negros, que sufriu un calvario cos obras do AVE. Un calvario que nin este, nin sobre todo o anterior goberno local, trataron como foi debido. Agora coas obras da AP-9 e a previsión de Audasa de traballar de noite na ponte de Rande, o concello ten que poñer ferramentas para que os ruídos das obras non fagan un calvario a vida dos afectados directos por estas obras que durarán anos.

Ata o momento, cada vez que hai unha chamada á policía local dun cidadán que ten problemas con ruídos de terceiros, a patrulla que acude levanta un atestado pero non pode certificar os decibelios por carecer dos aparatos e a formación axeitada. Debido a iso, o Concello ten que contratar a unha empresa privada para certificar o ruído ocasionado. Unha contratación que en moitos casos é cara e faise escasa.

Despois de informarnos de que o custo do equipamento non é moi elevado, e que a formación dos axentes pódese realizar de forma gratuíta na Academia Galega de Policía.

Polo anteriormente exposto, **ROGAMOS que o goberno local adquira o equipamento necesario para a medición de ruídos e mande axentes da Policía Local á Academia Galega de Policía para que obteñan a formación necesaria que lles faculte para realizar e asinar informes oficiais homologados relacionados coa contaminación acústica.**